

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 20 de febreiro de 2015

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cinco minutos do día vinte de febreiro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(187).- RATIFICACION DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(188).- ACLARACIÓNS ÁS CUESTIÓNS FORMULADAS POR GRUPORAGA S.A. RESPECTO DO CONTRATO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE ZONAS VERDES. EXPTE. 7614/446.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 20.02.15, que di o seguinte:

ASUNTO: ACLARACIÓN AS CUESTIONS FORMULADAS POR GRUPORAGA S.A. RESPECTO DO CONTRATO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE ZONAS VERDES

En data 6 de febreiro de 2015 públícase no BOP e no DOGA o anuncio de licitación do contrato de mantemento e conservación de zonas verdes do concello de Vigo.

Aberto o prazo para a presentación de ofertas, Gruporaga, S.A. Con data 11 de febreiro de 2015 presenta escrito no que solicita algunhas aclaracións ao expediente. A continuación expóranse as mesmas xunto coa súa resposta:

1.- ¿Hai que incluír outros programas de xestión na oferta técnica ademáis do de fitosanitarios e escardas do campo de fútbol de Balaídos (estes dous os piden expresamente)?

O prego de bases técnicas que rixe o contrato especifica claramente cales son as condicións mínimas esixidas, cada licitador poderá incluír todos aqueles plans de xestión que consideren que mellora a oferta.

2.- ¿O verquido de resíduos, tanto de RSU como de resíduos verdes é a nosa costa ou o cubre o Concello? No caso de ser a nosa costa, ¿cal é o importe e o lugar de destino?

O prego de bases técnicas no punto 4.1.9 Limpeza di:

“A obriga do adxudicatario non se limita ao varrido, recollida ou amontoamento das indicadas materias dentro das superficies ao seu coidado, senón que han de se completar coa retirada inmediata de todas elas, incluso a xestión ambiental (reciclaxe) dos residuos mediante calquera procedemento considerado na Normativa vixente...”

3.- ¿O técnico especialista en campos deportivos (para o estadio de Balaídos) ven no listado de subrogación ou hai que considerar unha persoa adicional?

O prego de bases técnicas no punto 6 especifica que “Contará con tres técnicos titulados na especialidade agronómica ou forestal e un técnico especialista en campos deportivos de competición” polo que deberán comprobar se no listado de subrogación existen 4 técnicos ou terán que adicionar algún máis para cumprir co mínimo esixido.

4.- ¿E necesario cubri-lo 100% das vacacións ou simplemente co persoal adicional de tempada alta é suficiente? E dicir, ¿en tempada alta temos o persoal de reforzo mailo de cobertura de vacacións ou simplemente ó persoal de reforzo?

O prego de cláusulas administrativas na CLÁUSULA 27.- PERSOAL DO CONTRATISTA di:

“1.- A empresa contratista disporá en todo momento do persoal preciso e adecuado para a execución dos servizos ó seu cargo en virtude da presente adxudicación, nos termos contractuais e os legalmente establecidos, e coa máxima calidade e eficiencia. En concreto, garantirá:

A cobertura permanente dos postos de traballo ofertados na súa proposición e coas súas correspondentes funcións. En consecuencia, o adxudicatario efectuará o seu cargo e inmediatamente as substitucións precisas do persoal que teña asignado ó servizo, por calquera causa que se produzan, de forma que a execución do contrato quede sempre asegurada. Por outro lado, en caso de que o persoal ofertado resultase insuficiente para o cumprimento das prestacións obxecto do contrato, o adxudicatario deberá aumentalo en número suficiente para dar a atención debida ó servizo, sendo a seu cargo o incremento de custes que se produza por tal causa...”.

5.- *¿Ceden instalacións (cantóns, nave, etc.)? En caso afirmativo, ¿podería indicarnos a localización das mesmas?*

Cada licitador deberá ofertar todos os medios materiais, instalacións.. necesarios para unha correcta prestación do Servizo.

O artigo 78 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas arbitra a posibilidade de que os empresarios interesados soliciten os pregos ou información complementaria a administración contratante, impondo a esta a obriga de facilitarlle a información solicitada no prazo dos seis días seguintes o da recepción da petición. No caso que nos ocupa o prazo remata o día 5 de setembro.

En mérito ao exposto, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vigente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a resposta a cuestión formulada por Gruporaga, S.A. con data 11 de febreiro de 2015, e contida no presente informe”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e once minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.